


Premio da modalidade de temática científica do
VIII Concurso literario *Mazarelos* (2022)

Sabela Blanco Penelas

Diario dunha abella anónima



Primeiras impresións

Un día como outro calquera, oíanse voces por todo o apiario:

—Que oviño tan xeitoso!

—Que ben colocadiño che está!

—Non como os dunha colmea que eu sei de aquí ó lado...

—Dígoche que este ben pode ser candidato á próxima raíña, a nosa pobre defunta...

—Pois habería que falar de lle dar xelea real cando nacese...

—O que vos dicía da colmea esa...

Uns tres días máis tarde os comentarios eran similares:

—Esta larviña é a elixida, sen ningunha dúbida.

—Dende logo! A súa xenética é insuperable, din polo apiario que fai unhas vinte e catro xeracións de obreiras saíu da colmea do lado un dos abázcaros dos que pode ser filla...

—Que dis! A nosa defunta era xa tan vella?

—Si, andaba polos catro anos...

—A colmea da que che falei o outro día?

—Non, esa vai de capa caída, eu digo esa na que poñen varias medias alzas no verán.

—Din que era tan gordecho e cos ollos compostos tan grandes...

—Así son todos, miña filla, teñen que poder ve-la raíña virxe no ceo a distancia.

—Pero, ó parecer, tiña como un aire distinguido, como menos apampado que os outros...

—Menos pampo era, que botou a correr trala raíña en canto levantou o voo coma un foguete!

Eu, como larviña inocente e anacarada que era, pasábame o tempo oíndo conversacións como esa, ata o punto de que cheguei a pensar que falaban de min... Pero a vida deume un golpe de realidade cando advertín que estaban a falar dunha larva (para min, común e corrente como outra calquera) que estaba dúas celas á miña esquerda (hum!).

—En que preciosa larviña deu en ser este ovo!

—Será unha raíña moi prolífica, con xenes distinguidos...

—Nós si que sabemos escoller, non coma ese apicultor noso... Dixéronme que hai un tempo collera larvas normais e ordinarias dunha destas colmeas para as criar como raíñas...

—E como fixo?

—Colleu un dos panais con cría de menos de tres días e, sen distinguir se os seus xenes eran bos ou malos, colleunas cun pauíño terminado en culler e púxoas nunhas celas reais artificiais para as obrigaren a que as criasen para raíñas...

—Fai falta non ter ningún sentido...

—Parece que saíron de mala calidade e tivéronas que substituír nas colmeas ás que as destinaron...

—Sentido non teñen as da colmea do lado...

—A ver, que levas xa días con iso, que pasou con esa colmea?

—Non o ides crer, é demasiado forte.

—Conta, conta...

—Parece que lles morreu a súa raíña pouco antes cá nosa, eran da mesma quinta...

—De verdade? Eu pensei que era máis nova!

—Pois resulta que xa levaba un tempo sen poñer ovos, e cesárona...

—Logo non están criando outra, coma nós?

—Ese é o problema!—dixo exaltada—. Non deixou ovos para criar outra!

Todas levaron o primeiro par de patas á cabeza, espantadas.

—Entón, a colmea do lado vai morrer!

—*Mi madriña!* Pásache unha desgraza por menos de nada...

—Pero é que o conto non acaba aí...—dixo con aires confidenciais.

—Como?—preguntou unha delas, erixíndose en representación de tódalas demais, xa que ninguén entendía nada.

—Resulta que unha das obreiras toleou e púxose a poñer ovos!

—Non o podo crer!

—Imposible!

—A min contáronme iso mesmo —dixo outra—. Parece que se non está presente a feromona da raíña, ademais de xurdi-lo efecto de criar outra abella mestra da colmea, pode ocasionar que as obreiras deixen de estar inhibidas e algunha delas pode empezar a poñer ovos...

—Pero esa obreira non está fecundada! Ó contar só coa súa carga xenética, unicamente pode poñer ovos de abázcaros, que son haploides... É dicir, que teñen un único conxunto de cromosomas.

—Xa, é o que lle está pasando, só lle saen fillos e ningunha filla, e a colmea vénselle abaixo... Todos a comer e ninguén a producir...

—Que desgraza máis grande...

—Noutros tempos esa colmea rivalizaba coa nosa...

—E como te decataches?

—Contoumo unha abella carrexadora, que andaba un día confundida e fixo o que os apicultores chaman deriva... metéuselles na outra colmea por erro. Dixo que atopou todo sen xeito nin modo.

E así seguiron un bo rato, ata que (como non!) redirixiron de novo a conversación cara á nosa molesta futura soberana:

—¿Queres máis xelea real, pequena? Tes que medrar para seres un raíña que poña moitos ovos!

E así pasei a miña infancia larvaria de seis longos días, oíndo como á tipa do lado lle daban comidiñas especiais, todo eran mecos e boas palabras... E mesmo lle facían a cela máis grande!

Eu enroscábame, comía e rosmaba para min:

—Que vida tan inxusta!

—Anda, cala, larviña, cala, que non sábe-lo dura que é a vida dos adultos... disfruta mentres sexas pequeniña...—díxome cando me escoitou a miña coidadora.

—Hum! —e enrodeleime para outro lado.

—Heiche deixar hoxe a cela tapada co opérculo, que xa comiches dabondo e fíxeches varias mudas, cando saías xa serás unha abella adulta!—seguidamente procedeu a poñerlle unha tapa de cera ó meu alvéolo e somerxinme na escuridade.

A tales palabras non fixen máis que apertarme co meu anelado corpo dentro do opérculo e, como larviña filosófica que son, suminme nos meus pensamentos.

Durante os II días que durou o meu estadio pupario, a medida que o meu corpo medraba e se transformaba no dun insecto adulto, reconcilieime coa miña vida e aprendín a valorarme a min mesma. Resumín que igual non tería a mesma vida que aquela larva privilexiada, pero ía a vivila cada segundo e a facer que, á súa fin, a colmea na que nacín estivese orgullosa de me ter!

Nacida para traballar

O día que desoperculei e saín cara á luz foi o meu primeiro día como insecto feito e dereito. Examineime con curiosidade. O meu corpo agora tiña cabeza, tórax e abdome, dous pares de ás e tres pares de patas, con franxas amarelas e negras, primando unha cor escura de abella europea *made in Galicia*.

Na miña cabeza tiña ollos compostos, ocelos e antenas, cos primeiros detectaba a luz, cos segundos os movementos e coas últimas olores e correntes de aire. As mandíbulas cubrindo a probóscide para succiona-lo néctar. Probei a move-las ás e as patas do meu tórax, os peliños tesos do meu primeiro par de patas servían para limpa-las antenas, no último par tiña cepillos para o pole.

Decidín poñerme en marcha para estrea-lo meu libre albedrío e púxenme a limpa-la colmea, había moitos alvéolos que arranxar. Deseguido me afixen á súa organización, segundo me contaron, era de tipo Langstroth con dez panais. Os dos laterais, xeralmente, usábanse como despensas de pole, os seguintes cara ó centro, eran despensas de néctar e mel, e os do medio sempre se dedicaban á posta de ovos da raíña e á cría das larvas.

Niso estaba cando un recendo que se me antollou doce e cálido me alcanzou, no panal de en fronte atopeime con moitas larviñas revoltosas.

—Deben se-las larviñas da nova raíña, non me estraña nada que sexan tan escandalosas —pensei para min.

—Temos fame!

—Señora, para cando está a comida?

—Queremos comer!

—Cando se come nesta casa?

Os berros e os modos non pegaban para nada co bonitiñas que eran. Na miña xeración non eramos así, pensei. Era preciso alimentalas e educalas como se debía, ou botaríanse a perder!

—Que son esas maneiras? As cousas pídense por favor ou aquí non cea ninguén!

—contestei toda alporizada.

As larvas orientáronse cara a min, confusas (obviamente ninguén lles dixera como tiñan que comportarse) e contestaron:

—Señora, por favor, que xa é hora de durmir...

—Hai fame...

—Non lle pagan a vostede por nos da-la comida? —saltou a máis gordechiña delas.

Mireina cos meus ollos compostos entornados ata que caín na conta de que non podía verme, polo que lle respondín de mala uva:

—Non, o convenio laboral está moi frouxo nestes días, e non creo que vaia ser mellor para cando ti esteas en activo...

—Bah! Non creo que eu vaia ter moito problema —dixo con retintín, revolverse e quedou durmida.

Quedei refungando sobre as novas xeracións, pensando sobre o que estaríamos a facer mal e o negro futuro que se nos viría encima... Atopeime cunha compañeira coidadora e comenteille todo isto.

—Normal, as larviñas desa sección están destinadas a ser abázcaros, ¿non ves que lles están preparando a celiña para que sexa algo máis grande?

Fixeime e tiña razón, a parte superior do seu alvéolo sobresaía xa lixeiramente sobre o resto dos favos, unha vez que estivese pechado o opérculo notaríase bastante. Os abázcaros son máis grandes e gordechos que as abellas obreiras, polo que, cando se opercula a cría, se lles deixa máis espazo.

—Pero que ten de normal ese comportamento? —insistín eu.

—A ver, date conta de que estas larvas son haploides, non lles pidas máis.

—Que teñan a metade do material xenético non me parece escusa, a verdade...

—Nós, como diploides, deberíamos de estar por encima diso —meteuse outra.

—A cuestión non é só esa —dixo a primeira abella—. No seu futuro só se espera que varios deles fecunden a próxima raíña doutra colmea e logo morran.

—É dicir, ¿estamos mantendo estes individuos, que o único que fan é comer, para que ademais os nosos esforzos vaian parar a outra colmea? ¿Quen pode permitir para si ese gasto? ¿Onde está o departamento de contabilidade?

—Pensa na variabilidade xenética...

—Tódalas colmeas o fan...

—Ás veces, en pleno verán, axudan coa termorregulación da colmea...

Por moito que me contasen, eu seguía a pensar que a vida era inxusta... Ata que se presentou unha abella recolladora, xa entradiña en anos, a que lle baleirasen o cesto de pole.

—Eu oín que, nun verán no que non choveu e non había floración, tiveron que facer recortes con este tema...

—¿A que te refires? —non entendía nada.

—A que cando non hai alimento para as larviñas e para que a raíña continúe poñendo ovos, non se pode deixar que os abázcaros sigan consumindo... — terminou a frase pasando a patiña pola unión entre a cabeza e o tórax, de forma macabra.

Quedei atarecada co medo, e decidín non volver pensar no asunto, ó fin e ó cabo, por agora non teño labores de contabilidade.

O primeiro ascenso

Dito e feito, veu un *boom* de floración e tivenme que dedicar a recolle-lo néctar e o pole que traían as abellas carrexadoras e clasificalo en cada opérculo. Pero non acababa aí a cousa! Para que o néctar non se estrague, hai que quitarlle a humidade!

Tiña que colle-lo néctar do boche do mel da abella, inxerilo eu e almacenalo no meu boche. Alí o néctar mestúrase cunhas encimas que lle cambian o pH e lle rebaixan a humidade do 70% ó 20%. Xa me vedes a min, todo o día, chucha néctar, cuspe mel, chucha néctar, cuspe mel... E non remata aí! Despois hai que bate-las ás para abanica-las celiñas e terminar de elimina-la humidade restante.

Tanto absorber auga deume algo de furrica, polo que, como abella limpa e hixiénica que son, me dirixín á entrada da colmea para elimina-las miñas deposicións (basicamente, aforrábame a min mesma o traballo, xa que así non tería que limpalo despois).

Cando cheguei á entrada estrañoume ver unha aglomeración tal de abellas que non había maneira de pasar pola piqueira. Todas caladiñas, mirando cara a fora, batendo nerviosas as ás.

—Estarán ensaiando un novo baile para informar... igual descubriron unha nova zona de flores... —pensei para min, sen darlle moita importancia, noticias como esas hainas tódolos días.

Abrín paso a empuxóns e coeime pola piqueira, as necesidades fisiolóxicas non esperan por unha.

En canto cheguei á beira da táboa de voo, dei a volta para deixa-la miña retagarda asomando polo bordo, cando me decatei de que multitude de ollos compostos me observaban dende dentro da piqueira.

A miña primeira reacción foi indignarme:

—A xente non ten nada que facer? —pregunteime.

Ó momento seguinte deume a impresión de que os rostros mostraban certa alarma, suminme en pensamentos inquedos... estaba facendo o correcto, non?

Atopábame reflexionando cando, de súpeto, oín voar un helicóptero cara á colmea, en concreto cara a min, mirei de esguello e acabei repentinamente o que viñera a facer.

Un monstro acoirazado, cunhas mandíbulas feroces, fixo un arco descendente no aire cara a min. Peguei un chimpo lateral e corrín como nunca na miña vida cara ó

punto máis próximo da piqueira. Cando a crucei sentínme como unha atleta chegando á meta. As olimpíadas, ó lado da miña xesta, non son nada, creo que ese día debín de bater algún récord...

O monstro pasoume rozando e terminou de facer unha parábola no aire, gañando altura mentres rechiaba as mandíbulas, amolado.

Pregunteille á abella do lado:

—Que é ese bicho?

—Unha avespa asiática, tamén lle chaman *Vespa velutina*, hainas a centos, afortunadamente son moi grandes para pasar por esta piqueira...

—Menos mal que nola cambiaron, penso que as de antes tiñan os ocos máis grandes.

—Elas non poden entrar, pero o problema é que nós non podemos saír...

—E entre todas non poderíamos cazala? —aventurei eu.

—No aire? Imposible! Son moito máis rápidas e fortes ca nós!

—Eu oín que unhas primas nosas orientais se defenden ben delas.

—De oriente? Aí hai moita abella salvaxe, son pouco civilizadas...

—Xa, pero son capaces de salvagarda-las súas colmeas, creo que as atacan cando se pousan e tratan de invadilas.

—E como fan? —preguntei, curiosa.

—Sóbenlles enriba moitas e cóbrenas, despois comezan a move-las ás e a xerar calor. Nós temos unha tolerancia ó calor uns graos superior a elas, polo que a avespa, dentro da marea de abellas, morre antes.

—Incríble!

—Fascinante!

—Poñámolo en marcha! —dixen, emocionada.

A reunión sumiuse nun repentino silencio.

—Nós non temos ese protocolo de actuación... —díxome a abella do lado.

—Tampouco somos tan valentes... —dixo outra.

—Nin temos experiencia...

Foron xurdindo cada vez máis voces desconformes e esquivas.

—É cuestión de formular unha estratexia e poñerse a iso! —insistín eu.

—As cousas, no palacio, van amodiño, amiga miña —fixo fincapé a abella do lado, e retirouse de volta ós seus quefaceres.

—A xenética non se reescribe nun día! —dixo outra, e foise rosmando.

A xuntanza disolveuse e volveu cada moucho ó seu souto, pero o problema seguía sen se resolver.

Pasaron varios días e as reservas de mel e pole ían baixando, sen ninguén que se atrevese a traballar, vendo os días pasar a través da piqueira.

A salvación presentouse na alvariza en forma dun estraño individuo uniformado.

—Veñen os alieníxenas! —berrou aterrorizada unha das abellas que se amontoaba na piqueira.

—Non muller, ese vén de revisar unha central nuclear e anda de paseo...

—Non, é un piloto profesional de motocrós.

—E onde deixou a moto? Pódesmo dicir?

—Non será un astronauta?

Comentarios coma eses podíanse oír por toda a colmea, ata que as abellas maiores deixaron de leva-las mans á cabeza e optaron por ilustraren as máis novas.

—É o apicultor, a cambio de mel e outros produtos que poidamos ter en stock, como o pole, a própole, a cera...etc., dános unha colmea en alugueiro, tratamentos para o ácaro *Varroa destructor*, coidados e alimentación se fai falla...

—E a que vén aquí?

—Está colgando uns botes das árbores!

—Agarda! Que están a face-las avespas?

—Estanse a meter neles!

—Teñen como algo líquido dentro, non? Ag! Dende aquí chégame un cheiro a podre...

—É algo fermentado, que noxo...

—Pois elas están caendo como churros! Credes que poderemos aproveitar para saír?

A máis valente asomou a cachola, mirou para tódolos lados, e deu un paso fóra. Quedamos mudas, esperando.

—Por aquí non hai perigo, parece que están ensimesmadas con eses botes. Vía libre rapazas!

A continuación, unha morea de abellas saíron e botaron a voar, apresuradas en traer subministracións para a colmea.

Aguzada pola súa valentía, decidín quedar na táboa de voo, vixiando coa miña outra compañeira/camarada.

Pero co paso do tempo aburrínme e decidín apoiarme na táboa coas patas traseiras e o aguillón e facer sinais de aterraxe cos dous pares de patas que me quedaban. Non acadou o efecto desexado, conseguín que tres abellas se descargasen de todo lastre e fuxisen co medo, pensando que as atacaban as avespas. Dúas máis miráronme confusas, pensando que non tiñan licenza para a aterraxe na nosa colmea, e derivaron cara a outras, sendo sacadas a empuxóns polas correspondentes abellas gardiás. Xuntei tantas queixas nuns minutos que estiveron a punto de me botar fóra da colmea (como se supón que me ía gañar-la vida?), así que decidín poñerme seria e cumprí-las miñas funcións con eficiencia.

Continúei como gardiá uns días máis.

O mellor do meu traballo eran, sen dúbida, as vistas. A verdade é que se trataba dunha paisaxe preciosa, facía un día solleiro de principios de verán, a vexetación era verde e frondosa, con numerosas e pequenas floriñas salvaxes na contorna do apiario, que serían substituídas máis adiante pola presenza de matas de silvas con pequenas flores brancas que zumegaban un olor afroitado, entre altos castiñeiros con longas candelas amarelas cun recendo floral e a madeira.

—Olen ben, verdade? —comentoume a gardiá do lado—. Aquí en Galicia somos expertas en facer mel de catro tipos de plantas, entre moitas outras.

—Cales son? Ólenme especialmente ben as flores daquelas silvas e as dos castiñeiros...

—Adiviñaches dúas delas. Noutras zonas, faise mel de queiroga e de eucalipto, dependendo do que abunde na contorna.

Decidín que cando eu fose carrexadora, especializárame nas flores de silva, ese recendiño afroitado... O castiñeiro tamén me gustaba, pero habería que voar moi alto e aló arriba hai moitas correntes de aire.

—Nin sequera sei voar! —pensei para min—. Cando chegue a seguinte abella a face-lo relevo, ei probar.

Dito e feito, cando me substituíron da vixilancia, probei a bate-las ás á vez que daba pequenos chimpos. Non era nada fácil. Co paso do tempo fun capaz de me manter no aire e dar pequenos voos por encima da táboa. Non obstante, as miñas prácticas dificultaban a aterraxe doutras abellas que chegaban cansas de carreta-lo néctar, así que me aventurei a dar pequenos voos fóra da colmea pola alvariza... Menos mal

que teño gravada na miña mente a cor e forma da miña colmea, se non, quen me vería meténdome na do lado e que me botasen a empurróns!

Cando cheguei estaba esgotada, pero unha non ten dereito a descansar, non. Chegou a buscar-me unha abella, correndo a toda velocidade, e díxome:

—Rapaza! Tes que ir botar unha man! O apicultor renovou uns panais o outro día e está a cera sen estirar, hai unha remesa de mel enorme e non temos onde gardala! Corre!

E aí fun, tan rápido como me levaron as patiñas (non puideron facer máis propulsión coas ás, xa que estaban esgotadas).

—Mañá terei unhas boas maniotas... —pensei para min.

Pasei o resto do día sacando escamas de cera das miñas glándulas cereiras, que están baixo o meu abdome, e pegándoas unha tras outra para crear tabiques.

Ó final un día transformouse en cinco, despois en seis... Para cando as miñas compañeiras mais eu terminamos de estira-lo panal, eu xa non quería oír falar máis de celas, hexágonos, tabiques que non encaixan, medidas erróneas, cambios de última hora..., pero sempre saía algo que parchear.

Con toda esa actividade, o día que fixen vinte e un días como insecto resultou se-lo máis feliz da miña vida, por fin se me atrofiaron as glándulas cereiras!

Voar libre... ou non

Non hai mellor palabra cá que se cala.

A segunda metade da miña vida como insecto comezou como debería, voando entre un fermoso ceo de verán e mares de herba prateada con pequenas pintiñas de cor e frondosas árbores...

As primeiras impresións, ás veces, non son o que parecen.

Logo duns días, tras probalo sabor da competencia feroz (unhas especies de abázcáros peludos con aguillóns, como recentemente saídos da caverna, oian), o esgotamento dos recursos máis próximos e as viaxes cada vez máis longas, os depredadores...etc., o mundo xa non me parecía tan fermoso. Non vía a hora de que chegase o solpor para poder voltar á colmea a descansar.

Sumouse ó meu traballo que a seguinte xeración de abellas obreiras saíu de talle pequeno e con ás defectuosas, polo que, sen insultar, o seu traballo era pouco máis que mediocre. Foi toda unha sensación na colmea:

—Ti viches! Estas novas xeracións non son as que eran...!

—Tan pequena e débil! Non sei como vai facer para carrega-lo mel...

—Parece que hai algunha que non pode voar...

—Que dis? E que farán cando se lles atrofién as glándulas cereiras?

—Non cho sei, a natureza dirá...

A vida foise desenvolvendo ata que chegou o día da revisión por parte do apicultor. Eu perdinma, atarefada como estaba, pero, segundo me contaron, parece que levou as mans á cabeza.

—Trátase da enfermidade das ás deformes...

—Transmítea un virus...

—E agora que facemos? Virá unha pandemia?

—Que horror! Que será das seguintes larviñas?

—Parece que unha das cousas da transmisión é a varroa...

—A que?

—A varroa! Rapaza, aínda non sábe-lo que é?

—Non, nunca o oíra...

—Ves aquela abella? Nótaslle algo raro entre os pelos do tórax?

—Si... Algo marrón brillante... Como unha mochila... Moveuse??

—É un parasito, como unha carracha da xente e das mascotas, só que para nós, en proporción, é bastante máis grande.

—Aliméntase da nosa linfa e, unha vez que a tes, ou baixa ela ou esquécete... Eu tratei de quitárllelas a varias pero non o dou conseguido... Por máis que penso non sei como facer...

—Eu oín que primas nosas, entre as que se atopan as abellas asiáticas, son máis eficaces quitando o parasito, son capaces de se acicalaren unhas ás outras danando a varroa e facendo que se desprenda...

—Pero iso que ten que ver con que as abellas novas saian coas ás escachadas?

—A varroa femia introdúcese nas celas coas larvas para poñer ovos, destes sae un macho e varias femias que maduran e á súa vez se reproducen. Para todo iso aliméntanse da linfa da larviña, e pódennlle vehicula-lo virus das ás deformes.

—Non me estraña que saian tan derreadiñas!

—E despois que pasa?

—Unha vez sae a abella nova saen as novas femias de varroa que xa están fecundadas xunto coa nai e introdúcense en novas celas para face-lo mesmo, é o conto de nunca acabar...

—Algunha tamén pode decidir subir a unha abella para se alimentar dela e ver mundo. E se a abella entra noutras colmeas por deriva ou por pillaxe, a varroa pode deixarse caer e comezar unha nova vida nesa colmea...

—E como podemos solucionalo?

—Vainos axuda-lo apicultor...

—Ten que facer un tratamento de emerxencia...

—Tenlle que pedi-la receita ó veterinario e despois compra-lo tratamento, se non todo sería un caos...

—A que te refires? —preguntei, toda interesada.

—A que hai diversas formas para tratar co parasitismo da varroa —dixo unha abella con aire intelectual—. Pode ser pola nosa parte ou por parte do apicultor.

—Cóntame máis —acomodeime e puxen unha patiña na cabeza.

—Pola nosa parte témo-lo método de aseo sobre nós mesmas que dana o ácaro e o fai inhábil para parasitar outras abellas e, por outro lado, a detección da varroa sobre a cría, que consiste en que detectámo-la cría que está parasitada ou enferma e

a removemos da cela... De todas formas, necesitamos ter esa información xenética para expresa-lo comportamento...

—Nin que fósemos ordenadores! Iso só é falta de iniciativa! —agreguei anoxada.

—A bioloxía é máis complicada e precisa do que pensas —comentou a abella—. Pero para algo témo-la xente! Ó fin e ó cabo andamos en tratos co ser humano por máis de 7000 anos, nós adaptámonos a eles e eles adáptanse a nós...

—Como sabes tanto? —preguntou outra abella, curiosa.

—Oín que hai unhas pinturas rupestres nunha cova en Valencia que mostran unha persoa recollendo panais de mel, e son desa data.

—Que barbaridade! E logo que é o que pode face-la xente?

—O propio apicultor ten métodos de control mediante o manexo da colmea, pode poñer panais de cera estirada dun tamaño axeitado para crías de abázcáros, que son máis grandes, xa que os ácaros teñen preferencia por eles, para despois retiralos, outras opcións son poñer fondos sanitarios, os tratamentos...

—Teño entendido que hai que facer un ó ano... —aventurou unha.

—Si, por lei é un ó ano despois da esmelga, pero pódese tratar máis veces se hai moitos parasitos, que é o que vai face-lo noso apicultor...

—Oín que vai facer un tratamento ecolóxico... A ver como nos vai.

—Por que o fai ecolóxico tan repentinamente?

—Unha das causas do aumento da varroa é que se volven resistentes ós tratamentos, polo que ten que varia-lo principio activo. Tamén pode ser porque estamos a metade de temporada e co ecolóxico non quedan residuos prexudiciais no mel...

—O principio activo é a substancia presente no medicamento responsable de trata-la enfermidade —apuntou outra.

—En resumo —dixo a abella máis lista — para o tratamento normal fai falta a receita do veterinario, polo tema dos residuos, das resistencias e da calidade alimentaria; para o ecolóxico non é necesario porque non supón un risco para o consumo do mel.

—É todo un mundo! —dixen fascinada.

A conversación proseguiu por ese camiño e apiñábanse cada vez máis abellas para escoitar. Entre as voces que falaban, empuxóns e desculpas, sentín que algo me andaba nos peliños do tórax...

—Falando do rei de Roma! —pensei asustada.

Por sorte, o chimpo que peguei (desvieime lixeiramente á dereita e fun a dar nun panal de cera recentemente estirada, non quero imaxina-lo alporizadas que se poñerán as encargadas da obra...) debeu deixar bastante desconcertada a varroa que trataba de subirme enriba (e, de paso, a todo o mundo). Pode que simplemente non lle dese tempo a se agarrar ben, porque caeu e se coouse a través das reixiñas do fondo sanitario da colmea (por onde se coan os desperdicios e as varroas despistadas), caendo en picado e patas arriba na bandexa.

Se puidese suar, caeríanme as gotas a mares, pero, como son un insecto, limiteime a sacudi-lo susto das ás e a poñerme a traballar, tratando de evitar á capataz da obra.

Entre días de traballo, idas e voltas, foi pasando o tempo na alvariza. O tratamento foi posto pero non acabou coas varroas que estaban coa cría operculada, polo que aínda saíu algunha quenda de abelliñas débiles, pero reduciuse a carga de varroa para as seguintes xeracións.

O mel foi acumulándose nos laterais e cando estiveron cheos fixéronnos reformas e agregaron unha alza máis. Eu, que xa me vía co traballo case feito, a piques estiven de tirarme pola táboa de voo cara a abaixo (nada demasiado dramático para unha, que ten ás), pero encarei as dificultades con afouteza e proseguín coa miña vida.

Non obstante, o tempo vai pasando e o desgaste faise notar.

Dinme conta un día de que facía tempo que non me atopaba con varias abellas da miña xeración, por máis que preguntei ninguén me soubo dicir.

As miñas articulacións comezaron a ruxiren e a se volveren cada vez máis ríxidas cando me movía.

Os músculos das miñas ás cada vez estaban máis débiles e só podía facer pequenos voos, parando nas herbiñas, ata dar chegado coa miña carga á colmea.

Os meus cepillos do pole, antano cos peliños ríxidos e brillantes, agora estaban cheos de partículas pegañosas, froito de toda unha vida de traballo.

O meu trixésimo noveno día como insecto foi o primeiro no que pensei que non daría chegado á alvariza para durmir. Co medo, aterrei na táboa de voo da colmea a fume de carozo, para que seguidamente unha gardiá me botase fora. Case fago deriva e entro na colmea dos veciños!

A vida seguiu e as dificultades cada vez eran maiores pero, fiel ó meu carácter, tomei a miña vellez con filosofía.

Finalmente, un día, souben que sería o último para min e, como sempre na miña vida, pensei no mellor para o meu enxame. Decidín morrer lonxe del, como seguramente fixeron as miñas compañeiras durante xeracións, desa forma non

carrexaría dificultades de hixiene nin o meu corpo atraería depredadores.

Sen me despedir (ninguén ten tempo para esas cousas), levantei o voo coas miñas cansadas ás e, ós poucos funme afastando da miña casa, ós poucos fun deixando o que me quedaba de vida atrás.

Vin por última vez o mundo que tanto me gustara e do que non obstante agora, esgotada como me atopaba, estaba case impaciente por deixar.

Pareime onda unhas follañas de agapanto, sabendo que as miñas ás xa non volverían a se mover e ollei cara ás bonitas flores. Pouco a pouco pequenos puntiños de luz foron introducíndose na miña visión, zumbando alegremente ó redor das umbelas.

Quedeime ollando para esas bonitas luces en forma de abellas saltaricas e enchinme de súpeto de alegría.

A curiosidade foi o último que me abandonou:

—A onde van as abellas cando morren?